



**PROCESO SELECTIVO EXTRAORDINARIO DA  
AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA,  
CONVOCADO POLA RESOLUCIÓN DO 28 DE  
DECEMBRO DE 2022 (DOG NÚM. 248, DO 30 DE  
DECEMBRO).**

**Proba de coñecemento da lingua galega**

**NON abra este documento ata que o tribunal llo indique**

**Unha vez aberto o documento, vostede disporá de 90  
minutos para realizar a proba**

**CONTIDO DA PROBA E  
RESPOSTAS CORRECTAS**



## **Parte primeira**

**Lea atentamente os textos a) e b) que se transcriben a seguir e mais os respectivos enunciados da opción múltipla. Indique en cada caso cal é a opción correcta.**

**Nota importante: as respostas deben basearse unicamente na información contida no texto.**

### **Texto a)**

#### **UNHA AXENDA PARA HUMANIDADE E O PLANETA**

O 25 de setembro de 2015, a Organización das Nacións Unidas (ONU) impulsou a creación da Axenda de Desenvolvemento Sustentable (ADS) na que os 193 países asinantes se comprometeron a traballar na consecución dunha serie de metas para crear un mundo mellor. Os obxectivos que figuran na Axenda 2015-2030 forman parte dun proxecto global formado por 17 metas entre as que se inclúen a fin da pobreza, a igualdade de xénero, a educación de calidade, a saúde ou a redución das desigualdades. Ademais, o acordo inclúe o desenvolvemento das enerxías limpas e non contaminantes, o coidado dos ecosistemas terrestres e mariños, a loita contra o cambio climático ou a creación de institucións sólidas que garantan a paz e a xustiza, entre outras. Todas elas están relacionadas, o que esixe unha concienciación universal: todos os países deben implicarse e perseguilas.

Trátase dunha viraxe de rumbo. Ao longo da súa historia, a ONU traballou moito os asuntos do medio, a igualdade de xénero ou a cooperación para o desenvolvemento, pero sempre abordándoos de forma sectorial. En 2012, no encontro Río+20, decidiuse crear unha soa axenda que os incluíse todos, para así evitar centrarse máis nun asunto en detrimento doutros. Esta axenda é moi importante porque iguala todas as persoas do mundo e integra todas as visións. A ONU deulle un xiro completo ao seu enfoque.

A cidadanía representa un papel moi importante para alcanzar os obxectivos marcados. Precisamente, que a cidadanía consuma de forma responsable é un dos

propósitos da Axenda 2015-2030. Aquí, cada comprador pode contribuír, xa que se consegue co esforzo de todos. Cambiando os xeitos de consumo de bens lógrase, por exemplo, reducir a pegada ecolóxica. Cómpre lembrar que os consumidores non somos só espectadores. Quizais na nosa sociedade non esteamos afeitos a valorar a capacidade transformadora dos compradores pero, noutros países, grandes cadeas produtoras víronse obrigadas a modificaren a natureza das súas materias primas ou os seus procesos de produción como consecuencia das esixencias dos clientes. Algúns dos obxectivos son:

1. **Poñerlle fin á pobreza.** O obxectivo é erradicar a pobreza extrema, nada fácil se temos en conta que máis de 800 millóns de persoas viven con menos de 1,25 dólares ao día.

2. **Acabar coa fame.** Segundo a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO), é posible eliminar a fame de aquí a 2030 se se invisten 267 000 millóns de dólares anuais durante os próximos 15 anos.

3. **Garantir unha vida sa.** O aumento da esperanza de vida e a redución da mortalidade infantil e materna son algúns dos avances dos últimos anos máis destacados nesta materia.

4. **Garantir unha educación de calidade.** As taxas de escolarización e alfabetización seguen en aumento, malia que aínda resulta necesario redobrar os esforzos para que a educación sexa universal.

5. **Impulsar a igualdade de xénero.** As mulleres representan a metade da poboación. O apoderamento feminino é imprescindible para impulsar o desenvolvemento económico e social.

6. **Asegurar o acceso á auga potable.** A seca constitúe un dos problemas máis urxentes, xa que se prevé que en 2050 o 25 % da poboación viva en países afectados pola escaseza crónica de auga.

7. **Lograr cidades sustentables.** A ONU estima que 4 000 millóns de persoas viven actualmente en cidades. A loita contra a contaminación e a mellora da planificación urbana son fundamentais para conseguir cidades habitables.

8. **Producir e consumir de xeito sustentables.** É dicir, facer máis e mellores cousas con menos recursos. Como se consegue? Fomentando o uso eficiente dos recursos e impulsando o consumo responsable.

**9. Protexer os océanos e os recursos mariños.** A sobreexplotación da pesca e a contaminación están poñendo en perigo os océanos. Para conservar a diversidade biolóxica é preciso establecer zonas protexidas.

Para que todos os obxectivos anteriores se cumpran, é semella lóxico impulsar alianzas entre os gobernos, o sector privado e a sociedade civil.

### **Bloque primeiro: comprensión**

#### **1.- As metas da ADS perseguen con carácter xeral:**

- a) aumentar a poboación mundial.
- b) **crear un mundo mellor.**
- c) diminuír a presenza humana nos bosques.
- d) instalar placas solares nos desertos.

#### **2.- A ADS é proxecto global formado por:**

- a) vinte unha metas.
- b) unha ducia de metas.
- c) **dezasete metas.**
- d) dezoito metas.

#### **3.- Ao longo da súa historia, a ONU abordou asuntos relacionados:**

- a) **coa igualdade de xénero e a cooperación para o desenvolvemento.**
- b) co consumo de alimentos ricos en proteínas de calidade.
- c) coa libre elección do lugar de ocio e de traballo.
- d) coa preservación do paisaxismo natural.

#### **4.- Un dos propósitos da ADS é que a cidadanía:**

- a) inxira minerais e antioxidantes que supoñan un menú saudable.
- b) introduza entre os seus hábitos unha dieta equilibrada.
- c) beba entre seis e oito vasos de auga ao día.
- d) **consuma de xeito responsable.**

#### **5.- Por esixencias dos clientes, grandes cadeas produtoras tiveron que:**

- a) ofrecer produtos máis baratos.
- b) introducir fortes descontos nos prezos.
- c) **modificar a natureza das súas materias primas.**
- d) incrementar a súa produción.

#### **6.- Algúns dos avances máis destacados dos últimos anos son:**

- a) **o aumento da esperanza de vida e a redución da mortalidade infantil e materna.**
- b) o incremento das esixencias das persoas consumidoras en materia de sanidade.
- c) a redución dos niveis de CO<sub>2</sub> nos lugares de traballo e de lecer.
- d) a diminución das lesións cutáneas como consecuencia da mellora da capa de ozono.

**7.- Un dos problemas que require unha solución urxente é:**

- a) a privación dunhas vacacións dignas.
- b) **o acceso á auga potable.**
- c) a carencia de recursos minerais.
- d) a carestía dos medios de transporte.

**8.- Para conseguir cidades sustentables e habitables convén:**

- a) planificar as prazas públicas dos núcleos de poboación.
- b) construír grandes infraestruturas de transporte.
- c) atraer maior poboación aos centros urbanos.
- d) **loitar contra a contaminación e mellorar a planificación urbana.**

**9.- Co obxecto de conservar a diversidade biolóxica dos océanos é preciso:**

- a) empregar embarcacións máis ecolóxicas.
- b) diminuír as zonas portuarias.
- c) **establecer zonas protexidas.**
- d) reducir as zonas permitidas para o baño.

**10.- Todos os obxectivos da ADS cumpríranse se:**

- a) hai acordos multilaterais entre países.
- b) **se impulsan alianzas entre os gobernos, o sector privado e a sociedade civil.**
- c) existe vontade por parte das institucións.
- d) se chega a un pacto verbal entre os gobernos do mundo.

**Bloque segundo: elixa a palabra correcta que se corresponda coas seguintes cinco definicións:**

**11.- 'Conxunto de actividades que debe realizar unha persoa nun certo espazo de tempo'.**

- a) Lucro
- b) Dietario
- c) **Axenda**
- d) Proveito

**12.- 'Dar por seguro, por totalmente certo que se vai cumprir ou que vai ocorrer'.**

- a) **Garantir**
- b) Prender
- c) Coidar
- d) Posuír

**13.- 'Alteración daniña que sofre unha cousa e que lle resta valor'.**

- a) Penuria
- b) Privación
- c) Carestía
- d) **Detrimento**

**14.- 'Sinal que deixa no chan un pé ao pisar, as rodas dun vehículo ao pasar etc.'**

- a) Grella
- b) **Pegada**
- c) Mancha
- d) Signo

**15.- 'Facerlle adquirir un costume ou hábito a unha persoa ou animal'**

- a) **Afacer**
- b) Empurrar
- c) Abater
- d) Calar

## **Texto b)**

### **CANDO QUEREMOS TER UNHA MASCOTA**

As canceiras non gozan de boa imaxe. Asíanse a lugares insalubres onde os animais ouvean amoreados mentres agardan o sacrificio. Agora ben, a realidade non sustenta este prexuízo. En liñas xerais, as súas infraestruturas son amplas e as mascotas (cans, pero tamén gatos e ata cabalos ou papagaios) dispoñen de espazo, alimento e hixiene abondos. O seu estado é aceptable, aínda que as deficiencias son tamén significativas. As principais: unha información e atención á cidadanía escasa e unha dotación de servizos mellorable (ás veces non contan con controis veterinarios periódicos ou non seguen un calendario de vacinas). Sacrificar ou non os animais? Que facer cando se ven desbordadas? Algunhas canceiras municipais admiten que sacrifican os animais, outras optan por pór en marcha campañas de adopción ou trasládanos a outros centros. Iso si, en todas se opta polo sacrificio cando son agresivos ou teñen enfermidades graves ou infecciosas e sofren feridas graves por maltrato. É unha decisión controvertida pero, as máis das veces, o destino dunha mascota cando a abandonan e ninguén a adopta é a morte. Con todo, hai iniciativas pioneiras, como a do Concello de Barcelona, que prohibe sacrificar os animais da canceira e potencia campañas de concienciación e controis para evitar os abandonos.

Adoptar ou mercar unha mascota implica asumir unha responsabilidade. Non é un boneco, senón un ser vivo que vai estar ao noso cargo e precisa de atencións.

Por isto, antes de facelo, convén responder varios interrogantes que poden axudarnos a tomar unha decisión:

**1. Están todos os membros do fogar de acordo con adoptar unha mascota?**

Ás veces, facelo responde a un impulso, sen ter en conta a responsabilidade que supón ter un ser vivo na casa ao que coidar e educar. Tamén hai que mirar se na familia hai alguén con alerxias ou asma; o pelo dos gatos, cans, roedores e cabalos, por exemplo, pode producir alerxia.

**2. Ten tempo para atender a mascota?** Aos animais non lles vale como excusa que o dono estea canso. Hai que atenderlos a diario, pórilles comida e auga, sacalos a pasear polo menos tres veces ao día se son cans, estar con eles etc. Cómpre procurarlles unha vida integrada na familia, darlles unha dieta sa e facilitar que fagan exercicio. E nas vacacións tamén os hai que atender.

**3. Está disposto a asumir os custos de ter un animal?** Terá gastos en comida, accesorios... Ademais, deberá levalo á revisión co veterinario unha vez ao ano como mínimo; enfermidades, operacións e tratamentos á parte. É un compromiso de por vida; e non esqueza que a lei establece obrigas, como inscribilo no censo da cidade, colocarlle o microchip, brindarlle a atención veterinaria necesaria e mantelo en condicións dignas. O gasto medio anual no caso dun can anda polos 400 euros; 200, para un gato.

**4. Está disposto a convivir cun animal de compañía?** Para que a convivencia sexa un éxito é imprescindible adestralo, preferiblemente de cachorro. Vivir cunha mascota supón crear e manter lazos de afecto, pero tamén sentimentos negativos; por exemplo, pola súa morte ou polo seu comportamento.

**5. Que tipo de animal quere ter?** Analice ben o que está a buscar. Un can acompañarao nos paseos con entusiasmo pero, se é unha persoa caseira, mellor un gato. Seleccione con coidado a raza, pois cada unha ten os seus trazos de conduta. Elixo cachorros de máis de dous meses, xa que antes precisan do alimento da nai. Consulte que vacinas lle aplicaron e cales non. Asegúrese de que llo entregan desparasitado e co microchip implantado. De non ser así, acuda ao veterinario para que o animal estea ao día no relativo á saúde.

**6. É preferible un cachorro ou un animal adulto?** As preferencias baséanse en criterios persoais. Porén, o habitual é decantarse por cachorros porque os



animais adultos adquiriron uns hábitos que poden dificultar o seu adestramento e aprendizaxe.

### **Bloque primeiro: comprensión**

#### **16.- En liñas xerais, os animais dispoñen nas canceiras de:**

- a) gaiolas moi cómodas pero de dimensións reducidas.
- b) **espazo, alimento e hixiene abondos.**
- c) pensos de sabores variados.
- d) duchas con auga morna.

#### **17.- Nas canceiras existen deficiencias como:**

- a) paridoiros lixados e angostos.
- b) comedeiros baleiros.
- c) espazos pechados sen ventás.
- d) **unha información e atención á cidadanía escasa.**

#### **18.- Mercar ou adoptar unha mascota implica:**

- a) **asumir unha responsabilidade.**
- b) comportarse con el coma cun boneco.
- c) darlle un baño a diario.
- d) inscribilo nunha clínica veterinaria.

#### **19.- Antes de mercar ou adoptar un animal convén mirar:**

- a) se á veciñanza lle gusta compartir con el o ascensor.
- b) se na vivenda existen metros abondos para que corra.
- c) **se na familia hai alguén con alerxias ou asma.**
- d) se o podemos levar con nós de vacacións.

#### **20.- Aos cans hai que:**

- a) **sacalos a pasear polo menos tres veces ao día.**
- b) darlles pensos con vitaminas para conservaren sans o oído e a vista.
- c) bañalos en auga sen substancias daniñas para a pel.
- d) cortarlles o pelo cada tres meses.

#### **21.- Se se posúe unha mascota deberá asumir o custo de:**

- a) darlle solombos dúas veces á semana.
- b) inscribila na piscina da canceira municipal.
- c) levala ao salón de peiteado cada tres meses.
- d) **levala á revisión co veterinario unha vez ao ano.**

#### **22.- Para o éxito da convivencia cunha mascota, resulta imprescindible:**

- a) aloumiñala, preferiblemente na etapa adulta.
- b) **adestrala, preferiblemente de cachorro.**
- c) deixala durmir no cuarto principal, preferentemente na cama.
- d) ofrecerlle lambetadas en abundancia.

#### **23.- En relación cos animais domésticos, a lei establece obrigas como:**

- a) darlles un paseo un día durante a semana.

- b) **inscribilo no censo da cidade.**
- c) poñerlle nome na semana da adquisición.
- d) Posuír permiso por escrito da veciñanza para telo na casa.

**24.- Se se é unha persoa caseira, recoméndase adquirir:**

- a) un can
- b) un cabalo.
- c) **un gato.**
- d) calquera tipo de animal, porque todos son idóneos.

**25.- Á hora de levar unha mascota á casa, é recomendable decantarse por:**

- a) **un cachorro de máis de dous meses.**
- b) un animal en etapa adulta.
- c) un exemplar na última fase da vida.
- d) un cachorro de menos dun mes.

**Bloque segundo: elixa a palabra correcta que se corresponda coas seguintes cinco definicións:**

**26.- 'Razón ou motivo que se alega para evitar facer algo'.**

- a) Filtro
- b) **Excusa**
- c) Rueiro
- d) Cinceiro

**27.- 'Tratar de conseguir algo'.**

- a) Salgar
- b) Imitar
- c) Arremedar
- d) **Procurar**

**28.- 'Conxunto de alimentos que unha persoa ou animal necesita consumir para manter a vida e a saúde'.**

- a) Almorzo
- b) Parva
- c) **Dieta**
- d) Xantar

**29.- 'Elixir ou tomar partido por algo ou alguén'.**

- a) **Decantarse**
- b) Decapitar
- c) Dirimir
- d) Resolver

**30.- 'Aquilo que adoita facerse de maneira repetida'.**

- a) Xeira
- b) Compañía
- c) Resolución
- d) **Hábito**



## Parte segunda

**Elixa a forma correcta do verbo que vai entre parénteses nas seguintes seis frases:**

**31.- Os astrónomos ... (descubrir)... novas galaxias cada semana?**

- a) descúbren
- b) descóbren
- c) **descobren**
- d) descubren

**32.- Se ti... (saber)... tantas matemáticas coma min, outro galo che cantara.**

- a) soupeses
- b) supeses
- c) **soubeses**
- d) suoveses

**33.- Eu ...(conducir)... acotío por estradas de montaña.**

- a) **conduzo**
- b) conduzco
- c) condozo
- d) condúzco

**34.- Luís ...(traer)... da casa moitas cousas para lles regalar aos nenos.**

- a) trougo
- b) trougue
- c) truxo
- d) **trouxo**

**35.- Non creo que...(caber)... o coche nese sitio tan pequeno.**

- a) quepa
- b) **caiba**
- c) caipa
- d) queipa

**36.- Eu non ...(valer)... para tarefas tan complexas.**

- a) valgo
- b) vaio
- c) **vallo**
- d) vayo

**Elixa a opción correcta**

**37.-**

- a) Compre preocuparse por noso cerebro.
- b) Cúmpre preocuparse por o noso cerebro.
- c) **Cómpre preocuparse polo noso cerebro.**
- d) Cumpre preocuparse por noso cerebro.

38.-

- a) Hai unha árbore ao pé da casa que dá sombra.
- b) Hai un árbore ao pe da casa que dá sombra.
- c) Ai unha árbore á pé da casa que da sombra.
- d) Hay un árbore ao pé de casa que da sombra.

39.-

- a) A estrada levaba a montaña por fora da chaira.
- b) A estrada levaba á montaña por fóra da chaira.
- c) A carretera levaba a montaña por fora dá chaira.
- d) A estrada lebaba á montaña por fóra dá chaira.

40.-

- a) Uxía conduxo camiós durante moitos anos e nunca tivo un accidente.
- b) Uxía conduciu camións durante moitos anos e nunca tivo un accidente.
- c) Uxía conduciu camiós perante moitos anos e nunca tuvo un accidente.
- d) Uxía conduxo camións durante moitos anos e nunca tuvo un accidente.

41.-

- a) Compre que estudemos, coma vos, historia medieval.
- b) Compre que estudiemos, coma vos, estoria medieval.
- c) Cumpre que estudiemos, coma vós, historia medioeval.
- d) Cómpre que estudemos, coma vós, historia medieval.

42.-

- a) Aceder o área sen conflitos ca policía é unha aventura en si mesmo.
- b) Acceder a área sen conflitos ca policía é unha aventura en si mesmo.
- c) Acceder á área sen conflitos coa policía é unha aventura en si mesmo.
- d) Aceder ao area sen conflitos coa policía e unha aventura en sí mesmo.

43.-

- a) Dille a teu pai que che compre un móbil novo, que o que levas dá mágoa.
- b) Dille a teu pai que te compre un móvil novo, que o que levas dá magoa.
- c) Dille a teu pai que te compre un móbil novo, que o que levas da mágoa.
- d) Dille a teu pai que che cómpre un móvil novo, que o que levas dá magoa.

44.-

- a) A xuiza aínda non ditou sentenza posto que non hai un antecedente de esta lei.
- b) A xuiza aínda non dictou sentenza posto que non hay un antecedente desta lei.
- c) A xuíza aínda non dictou sentenza posto que non hai un antecedente desta lei.
- d) A xuíza aínda non ditou sentenza posto que non hai un antecedente desta lei.

45.-

- a) As enfermidades neurolóxicas están á orde do día. A situación é un auténtico andazo.
- b) As enfermidades neurolóxicas están ao orde do día. A situación e un auténtico andazo.

- c) As enfermidades neurolóxicas están ao orde do día. A situación é un auténtico andazo.
- d) As enfermidades neuroloxicas están á orde do día. A situación e un auténtico andazo.

46.-

- a) Teño pasado moito por aí e tú nunca saudáchesme. Estate ben o conto!
- b) Teño pasado moito por ahí e ti nunca saudáchesme. Estache ben o conto!
- c) Teño pasado moito por ahi e tú nunca me saudaches. Estate ben o conto!
- d) **Teño pasado moito por aí e ti nunca me saudaches. Estache ben o conto!**

47.-

- a) **É ela quen ten que decidir que quere facer co seu futuro.**
- b) É ela quen ten que decidir que quere facer con seu futuro.
- c) E ela quen tén que dicidir que quere facer con o seu futuro.
- d) É ela quén ten que dicidir que quere facer co seu futuro.

48.-

- a) Disque vamos xantar agora. Tal vez nos merezca a pena salir fóra da oficina.
- b) Disque imos a xantar agora. Tal vez nos mereza a pena salir fora da oficina.
- c) **Disque imos xantar agora. Talvez nos pague a pena saír fóra da oficina.**
- d) Disque vamos a xantar agora. Tal vez páguenos a pena saír fora da oficina.

49.-

- a) Non volo diría senón soubese que é moi doado para vos.
- b) **Non volo diría se non soubese que é moi doado para vós.**
- c) Non vólo diría se non soupese que é moi doádo para vós.
- d) Non volo diria senón soubese que e moi doado para vos.

50.-

- a) Aquel lugar era tan chairro que veías ao lonxe kilómetros i kilómetros.
- b) **Aquel lugar era tan chairro que vías ao lonxe quilómetros e quilómetros.**
- c) Aquel lugar era tan chairro que vías o lexos quilometros e quilometros.
- d) Aquel lugar era tan chairro que veías a lexos kilometros i kilometros.

51.-

- a) Cara a fin da década, van a diminuir o precio do bus urbán.
- b) Cara á fin da decada, van a disminuír o prezio do bus urbano.
- c) Cara ao fin da década, van diminuír o precio do bús urbán.
- d) **Cara á fin da década, van diminuír o prezo do bus urbano.**

52.-

- a) O chegarmos a súa casa, saudounos un monstro increíble: seu canciño.
- b) **Ao chegarmos á súa casa, saudounos un monstro increíble: o seu canciño.**
- c) Ao chegarmos á súa casa, nos saudou un monstruo increíble: o seu canciño.
- d) O chegarmos a súa casa, nos saudou un monstruo increíble: o seu canciño.

53.-

- a) Me dixo que o veciño vén sobre as dez da noite á casa.
- b) Díxome que o viciño ven sobre as dez da noite á casa.
- c) **Díxome que o veciño vén sobre as dez da noite á casa.**
- d) Me dixo que o viciño ven sobre as dez da noite a casa.

54.-

- a) Gústante os caracois? Se é así, espero que sea unha afección pasaxeira.
- b) Che gustan os caracois? Se e así, espero que sexa unha afición pasaxeira.
- c) **Gústanche os caracois? Se é así, espero que sexa unha afección pasaxeira.**
- d) Góstanche os caracoles? Se e así, espero que sexa unha afición pasaxeira.

55.-

- a) **Preto de alí abriu un bar moi concorrido. Gústanos moito para ir comer.**
- b) Preto dalí abriu un bar mui concorrido. Gústanos moito para ir comer.
- c) Preto de alí abriu un bar moi concorrido. Nos gusta moito para ir a comer.
- d) Preto dalí abriu un bar moi concorrido. Nos gusta moito para ir comer.

56.-

- a) **A rapaza cumpriu dezaseis anos onte e celebrou o aniversario.**
- b) A rapaza cumpriu dazaseis anos onte e celebrou o cumpreanos.
- c) A rapaza cumpriu dezaseis anos ayer e celebróu o aniversario.
- d) A rapaza cumpriu dazaseís anos ayer e celebrou o cumpreanos.

57.-

- a) **A nós non nos quere nin ver. Porén, a vós quérevos moito e pídevos axiña perdón.**
- b) A nos non nós quere nin ver. Porén, a vós quérevos moito e pídevos axiña perdón.
- c) A nós non nos quere nen ver. Poren, a vós vos quere moito e vos pide axiña perdón.
- d) A nos non nos quere nin ver. Porén, a vos quérevos moito e vos pide axiña perdón.

58.-

- a) Antonio sofre cando os seus veciños non barren a solaina.
- b) Antonio sofre cuando seus veciños non varren a solaina
- c) Antonio sofre cando seus viciños non barren a solaina.
- d) **Antonio sofre cando os seus veciños non varren a solaina.**

59.-

- a) As industrias textiles constituíen as principais fontes de ingresos da bisbarra.
- b) As industrias textís constitúen as principais fontes de ingresos da bisbarra.
- c) As indústrias téxtís constitúllen as principais fontes de ingresos da bisbarra.
- d) **As industrias téxtiles constitúen as principais fontes de ingresos da bisbarra.**

60.-

- a) Ela fixo con a súa irmán unha torta de chocolate para levar á casa dos amigos.
- b) Éla fixo ca sua irmá unha tarta de chocolate para levar a casa dos amigos.
- c) **Ela fixo coa súa irmá unha torta de chocolate para levar á casa dos amigos.**
- d) Ela fixo con súa irmán unha tarta de chocolate para levar a casa de os amigos.

## PREGUNTAS DE RESERVA

**61.- Elix a palabra que corresponda coa seguinte definición:**

**'Someter á decisión dun tribunal, e pronunciar este sentenza'.**

- a) rabuñar
- b) pechar
- c) **xulgar**
- d) atraer

**62.- Elix a opción correcta**

- a) Nunca ninguén había saído fora da empresa ata que chegou aquel bárbaro.
- b) **Nunca ninguén saíra fóra da empresa ata que chegou aquel bárbaro.**
- c) Nunca naide saíra fóra da empresa hasta que chegou aquel bárbaro.
- d) Nunca naide saíra fora da empresa ata que chegou aquel bárbaro.

**63.- Elix a opción correcta**

- a) **Estende os brazos e colle as filloas coas mans, rapaz, que vas quedar sen elas.**
- b) Extende os brazos e colle as filloas cas mans, rapaz, que vas quedar sen elas.
- c) Extende os brazos e colle as filloas coas mans, rapaz, que vas a quedar sen elas.
- d) Extende os brazos e colle as filloas con as mans, rapaz, que vas a quedar sin elas.